

## RESULTADOS DA ENQUISA AOS ALUMNOS (75 total – 45 Primaria)

	Aprende a FALAR en		Síntese máis cómodo <b>falando</b>		Síntese máis cómodo <b>lendo</b>		Síntese máis cómodo <b>escribindo</b>	
	Galego	Castelán	Galégo	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Castelán
Ed. Infantil	25	5	22	5				
1º ciclo	18	2	19	1	11	8	14	5
2º ciclo	9	0	9	0	4	6	5	4
3º ciclo	15	1	15	1	8	8	10	6
PRIMARIA	<b>42</b>	<b>3</b>	<b>43</b>	<b>2</b>	<b>23</b>	<b>22</b>	<b>29</b>	<b>15</b>
TOTAL	<b>67</b>	<b>8</b>	<b>65</b>	<b>7</b>				

Vendo os datos da enquisa observamos que hai un case total monolingüismo galego. Máis dun **90 %** aprendeu a falar en galego e só un modesto **10 %** en castelán. Posiblemente debido á ese ambiente case monolingüe, algúns dos que dicían ter aprendido en castelán cambiaban ao galego. Este ano algúns alumnos de Infantil non respostaron a este apartado.

Na lectura e escritura só teremos en conta aos alumnos de Primaria. Na lectura a cousa iguálase case totalmente: o **51 %** dos alumnos están máis cómodos lendo en galego e o **49 %** en castelán.

Na escritura aumente a preferencia polo galego: Un **66 %** síntese máis cómodo escribindo en galego e un **33 %** en castelán.

### EVOLUCIÓN

	Aprende a FALAR en		Síntese máis cómodo <b>falando</b>		Síntese máis cómodo <b>lendo</b>		Síntese máis cómodo <b>escribindo</b>	
	Galego	Castelán	Galégo	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Castelán
2005	88 %	12 %	88 %	6 %	47 %	53 %	61 %	39 %
*2008	80 %	20 %	82 %	18 %	61 %	39 %	64 %	30 %
2010	86 %	8 %	92 %	8 %	39 %	47 %	66 %	31 %
2013	90 %	10 %	86 %	9 %	51 %	49 %	64 %	33 %

Comparando os resultados da actual enquisa cos de anos anteriores, repítense os resultados desde o ano 2005. \*A enquisa de 2008 foi contestada por moi poucos rapaces e non a consideramos demasiado fiable.

LINGUA MATERNA: O galego supera sempre o 80 % acercándose ao 90 %.

LINGUA HABITUAL: O galego está sempre entre o 85 % e o 90 % de uso habitual.

LECTURA: Hai bastante igualdade. Os datos varían pero aproximándose sempre a un 50-55 % para o galego e un 45-50 % para o castelán.

ESCRITURA: Os alumnos prefiren escribir en galego nunha proporción 65-35 aproximadamente.

## ENQUISA PAIS

### Aprende a falar en

Galego	Castelán
69	9

### Síntese máis cómodo **falando** en

Galego	Castelán
72	5

### Síntese máis cómodo **lendo** en

Galego	Castelán
32	50

### Síntese máis cómodo **escribindo** en

Galego	Castelán
29	53

### Habitualmente fala

Sempre galego	máis galego	máis castelán	sempre castelán
39	35	2	1

### Nestes ámbitos usa

Cos fillos/as		coa familia	
galego	castelán	galego	castelán
74	7	65	7
cos amigos/as		no traballo	
galego	castelán	galego	castelán
74	14	68	29

## ENQUISA NAIS

### Aprende a falar en

Galego	Castelán
72	9

### Síntese máis cómoda **falando** en

Galego	Castelán
76	6

### Síntese máis cómoda **lendo** en

Galego	Castelán
20	64

### Síntese máis cómoda **escribindo** en

Galego	Castelán
25	59

### Habitualmente fala

Sempre galego	máis galego	máis castelán	sempre castelán
36	40	2	3

### Nestes ámbitos usa

Cos fillos/as		coa familia	
galego	castelán	galego	cast
75	7	74	8
cos amigos/as		no traballo	
galego	castelán	galego	castelán
74	18	68	22

Respecto aos pais-nais dos nosos alumnos a situación é moi similar:

Un **88 %** di ter como lingua materna o galego e un 11 % o castelán, pero ata un **94 %** utiliza o galego en maior proporción que o castelán.

En xeral o galego utilízase maioritariamente en todos os ámbitos, coa familia, cos amigos e no traballo, se ben, neste último caso, é onde aumenta un pouquiño o uso do castelán.

Como sucede no caso dos alumnos pero aínda en maior medida, a situación invírtese completamente no caso da lectura: Un **68 %** síntese máis cómodo lendo en castelán e só un **28 %** prefere ler en galego. (Un 4 % síntense cómodos en ambas as dúas).

As cifras son moi parecidas na escritura: Un **67 %** síntese máis cómodo escribindo en castelán e case un 29 % en galego.

## EVOLUCIÓN

	Aprende a FALAR en		Síntese máis cómodo <b>falando</b>		Síntese máis cómodo <b>lendo</b>		Síntese máis cómodo <b>escribindo</b>	
	Galego	Castelán	Galégo	Castelán	Galego	Castelán	Galego	Castelán
2005	90 %	10 %	93 %	7 %	40 %	60 %	33 %	67 %
*2008	90 %	10 %	91 %	4 %	24 %	74 %	27 %	70 %
2010	83 %	9 %	94 %	6 %	28 %	66 %	30 %	64 %
2013	88 %	11%	94 %	6%	28%	68%	29%	67%

Como vemos os resultados son moi parecidos desde que comezamos a facer enquisas no ano 2005.

- A lingua materna é maioritariamente o galego nunha proporción que se achega ao 90-10 se temos en conta os casos nos que se declara que son ambas linguas as maternas.
- En xeral o uso habitual do galego aínda é maior que ese 90 % (sobre un 93-94 %) porque algúns que din ter como lingua materna o castelán pásanse ao galego.
- Na situación da lectura é onde os datos tiveron máis variacións. Descontando a enquisa de 2008 que foi moi pouco fiable pola escasa participación, parece ir en aumento o número dos que se sinten máis cómodos lendo en castelán cara ao 68 %.
- En cambio repítense practicamente os datos sobre o uso das linguas na escrita. O castelán segue sendo preferido máis ou menos nunha proporción 67-29 e un 4 % declara que emprega na escrita as dúas linguas.

En relación ao sexo, apenas hai variacións, agás na lectura e escritura:

Mentres os pais na lectura prefiren o castelán nun **61 %**, as nais chegan a un **76 %** e mentres os pais na escrita prefiren o castelán nun **64 %**, as nais chegan a un **70 %**.